



# **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

(pendente de aprobación na seguinte sesión ordinaria)

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 20 DE NOVEMBRO DE 2015**

**ASISTENTES:**

**Alcalde- Presidente:**

D. José Luis Oujo Pouso.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares

**Secretario:**

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **09:15 horas** do día **20 de novembro de 2015**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

**1.- APROBACIÓN DE ACTAS.**

1.1.- Acta da sesión do 29/10/2015.

**2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE APERTURA.**

2.1.- Licenza de obra maior. Expediente 336/2015.

2.2.- Licenza de obra maior. Expediente 340/2015.

2.3.- Transmisión de licenza urbanística. Expediente 14/2012.

**3.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.**



## **1. APROBACIÓN DE ACTAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión extraordinaria do 29 de outubro de 2015.

## **2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE APERTURA.**

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, outorga as **licenzas urbanísticas** que de seguido se indican, impondo a cada unha delas, **aparte dos condicionados técnicos particulares que individualmente lles correspondan, sinalados polo arquitecto municipal, as seguintes condicións xerais**, de obrigado cumprimento para o solicitante:

1/ A licenza outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas; sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública; e unha vez rematada a obra deberá repoñer os posibles desperfectos ocasionados en dita vía pública.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao Concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: A obra debe iniciarse no prazo máximo de 1 ano dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación. Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra, de **copia autorizada da licenza municipal**, e **nas maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a acta de comprobación de aliñacións.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna licenza de primeira ocupación, de conformidade co sinalado na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a producción e xestión dos residuos de construción e demolición. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: "*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*"

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 104 da LOUGA, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian a levar a cabo.

- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

## 2.1) LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 336/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Visto que D. José Ramón Miyares López solicitou en data 06/11/2015 licenza municipal para "**parcelación**" da parcela situada no lugar de Loureiros, s/n (Noal), con referencia catastral 1212110NH0311S0001KD, segundo o proxecto de parcelación redactado pola arquitecta D<sup>a</sup>. Pilar García Alboreda, de data outubro de 2015, e memoria de parcelación, de data outubro de 2015 (visado COAG 1506983,1 do 05/11/2015), redactada pola mesma arquitecta.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **336/2015** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 19/11/2015 e o informe de Secretaría da mesma data.

### ACORDA:

**PRIMEIRO:** Conceder a D. José Ramón Miyares López a licenza municipal solicitada para "**parcelación**" da parcela situada no lugar de Loureiros, s/n (Noal), con referencia catastral 1212110NH0311S0001KD, segundo o proxecto de parcelación redactado pola arquitecta D<sup>a</sup>. Pilar García Alboreda, de data outubro de 2015, e memoria de parcelación, de data outubro de 2015 (visado COAG 1506983,1 do 05/11/2015), redactada pola mesma arquitecta,



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

## “CONDICIONS URBANÍSTICAS SEGUNDO DATOS DO PROXECTO:

### CLASIFICACIÓN E TIPO BÁSICO:

**NNSSMM (plano 0-2B . Clasificación de solo das NNSSMM)**

CLASIFICACIÓN	URBANO
TIPO	RESIDENCIAL EXTENSIVA . RURAL
CLAVE	SU 5

Segundo Disposición Transitoria Primeira, apartado e. da LOUG:

RÉXIMEN DE APLICACIÓN	NÚCLEO RURAL COMÚN
-----------------------	--------------------

### CONDICIÓN DE USO:

Segundo a documentación aportada, sobre a finca matriz existe un alpendre destinado a garaxe e un galiñeiro, sendo usos permitidos en base ao artigo 25 da LOUG.

Na finca resultante B quedan incluídas as edificacións existentes e a finca resultante A queda vacante de edificación.

### CONDICIÓN URBANÍSTICAS DAS PARCELAS:

#### Finca matriz:

Parámetro	NNSSMM (art.159)	PROXECTO
Tipoloxía	<i>Illada ou acaroadada</i>	Acaroadada a lindeiro
Parcela mínima	<i>300m<sup>2</sup> / 500m<sup>2</sup> ( Disposición Transitoria primeira da LOUG)</i>	Superficie bruta: 2.273,00m <sup>2</sup>
Alturas	<i>Baixo+ 1 (7m)</i>	Baixo
Aliñacións	<i>Segundo planos de aliñacións ou aliñacións consolidadas 5m dende o eixe do viario</i>	5m ao eixe do viario (no caso de materializar edificación)
Ocupación máxima	40%	3,70% < 40%
Recuamentos	<i>A vías públicas: como mínimo 8m do eixe A lindeiros: 3m</i>	>8m <3m

#### Finca resultante A: (sen edificar)

Parámetro	NNSSMM (art.159)	PROXECTO
Tipoloxía	<i>Illada ou acaroadada</i>	-
Parcela mínima	<i>300m<sup>2</sup>(*)</i>	Superficie bruta: 1.136,00m <sup>2</sup>
Alturas	<i>Baixo+ 1 (7m)</i>	-
Aliñacións	<i>Segundo planos de aliñacións ou aliñacións consolidadas 5m dende o eixe do vial</i>	5m ao eixe do viario (no caso de materializar edificación)
Ocupación máxima	40%	-
Recuamentos	<i>A vías públicas: como mínimo 8m do eixe A lindeiros: 3m</i>	-



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P15072008  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

## Finca resultante B: (edificada)

Parámetro	NNSSMM (art.159)	PROXECTO
Tipoloxía	<i>Illada ou acaroadada</i>	Acaroadada a lindeiro
Parcela mínima	<i>300m<sup>2</sup>(*)</i>	Superficie bruta: 1.137,00m <sup>2</sup>
Alturas	<i>Baixo+ 1 (7m)</i>	Baixo
Aliñacións	<i>Segundo planos de aliñacións ou aliñacións consolidadas 5m dende o eixe do vial</i>	5m ao eixe do viario (no caso de materializar edificación)
Ocupación máxima	40%	<40%
Recuamentos	<i>A vías públicas: como mínimo 8m do eixe A lindeiros: 3m</i>	>8m <3m

Indícanse as superficies brutas das parcelas resultantes, dado que as superficies netas serán as resultantes de descontar a cesión obrigatoria no momento que se materializase a edificación."

**SEGUNDO:** Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

**TERCEIRO:** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa municipal. Licenza de parcelación	Cota tributaria (0,12 €x m <sup>2</sup> )
	<b>272,76 euros</b>

E requirir o pago ao obrigado tributario, sendo necesario que acredite o pagamento para poder retirar a licenza municipal de obras.

**CUARTO:** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**QUINTO:** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

## **2.2) LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 340/2015.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Visto que D<sup>a</sup>. Amalia Celsa Vergis Quiñoy, en representación de DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN, S.A., solicitou en data 11/11/2015 licenza municipal para "acondicionamento para supermercado dunha nave" existente na Rúa Xio, 49 (Porto



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

do Son), con referencia catastral 9500322MH9390S0001RI, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. José Luis Paulos Campos, de data novembro de 2015 (visado COAG nº1507059,1 do 10/11/2015) e documentación complementaria redactada polo mesmo arquitecto presentada o 17/11/2015 (r.e. nº 7961).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **340/2015** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 19/10/2015 e o informe de Secretaría da mesma data.

## ACORDA:

**PRIMEIRO:** Conceder a DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN, S.A. a licenza municipal solicitada para "acondicionamento para supermercado dunha nave" existente na Rúa Xío, 49 (Porto do Son), con referencia catastral 9500322MH9390S0001RI, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. José Luis Paulos Campos, de data novembro de 2015 (visado COAG nº1507059,1 do 10/11/2015) e documentación complementaria redactada polo mesmo arquitecto presentada o 17/11/2015 (r.e. nº 7961), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

### "CONDICIONS URBANÍSTICAS SEGUNDO DATOS DO PROXECTO:

#### CLASIFICACIÓN E CATEGORÍA:

**NNSSMM (plano 0-8 . Clasificación do Solo)**

CLASIFICACIÓN	URBANO
TIPO	MAZÁ CON PATIO
CLAVE	SU 2

Segundo Disposición Transitoria Primeira, apartado e. da LOUG:

RÉXIMEN DE APLICACIÓN	URBANO CONSOLIDADO
-----------------------	--------------------

Observase que existe unha diferenza de grafismo nos diferentes planos das normas subsidiarias, que son o plano 0-8. Usos pormenorizados, plano 0-10. Rede viaria e xeometría e plano 0-12. Ordenación, dos que no 0-10 e no 0-12 hai unha discontinuidade na representación da aliñación, coincidente ca parcela libre do proxecto, onde se situará o aparcadoiro, o que podería dar lugar a pensar que nesa parcela ábrese un viario, cousa que parece que non sería esa a vontade lo planificador, xa que o que podería pensarse que é o viario axústase aos límites da parcela, e non segue un trazado de aliñacións paralelas como nos casos de apertura de novos viarios, así como que non se recolle expresamente como viario de nova creación, nin o seu grafismo no plano 0-10 coincide co grafismo dos viarios de nova creación.

Do mesmo xeito, ao ver a formalización das edificacións situadas polo linde norte da parcela, parece que xa nas licenzas outorgadas para os edificios lindeiros polo norte se partiu da hipótese de que non existe viario planificado, tal e como se reflexa no plano 0-8. Hipótese da que se parte tamén no presente informe.

#### CONDICIÓN DE USO:

O uso ao que se vai a destinar a edificación é o comercial.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

Segundo o artigo 136 das NNSS, o uso comercial e uso aparcamento vinculado ao uso comercial, é un **uso permitido**

## CONDICIÓNS DE EDIFICACIÓN:

Parámetro	NNSSMM (art.145)	PROXECTO
Tipoloxía	<i>Bloques acaroados aliñados de altura media en disposición paralela ao viario, para o uso residencial colectivo, combinado con usos terciarios en plantas inferiores en edificio exclusivo.</i>	Edificación en planta baixa
Parcela mínima edificable	100m <sup>2</sup>	1.211,00m <sup>2</sup>
Aliñacións	<i>As propostas no plano de aliñacións ou as existentes</i>	Existente. Recuado da aliñación grafiada
Alturas	<i>Baixo+3plantas</i>	Baixo
Fondo máximo	<i>16 m en plantas baixas; 12 m en plantas de piso</i>	52,00m. Existente
Pendente máxima da cuberta	30º	15º
Altura máxima cumio	4m	2,00m
Aproveitamento baixo cuberta	<i>Autorizado sen computar</i>	-
Chafráns	<i>A 3,00m do punto de intersección</i>	-
Voos	<i>10% do ancho da rúa como máximo 1,00m. Separación 0,30m da medianeira, 3,60m por enriba da rasante. Non se autorizan na fachada posterior.</i>	-
Patios	<i>De mazá: deberá poder inscribirse un círculo de radio ≥ 5,00m De edificación: segundo Decreto da Xunta de Galicia</i>	-

Trátase dunha edificación en situación de fóra de ordenación que non se ve afectada pola calificación de sistemas xerais ou locais ou por actuacións para o desenvolvemento e execución do planeamento, polo que entendemos que se encadraría na situación de fóra de ordenación parcialmente incompatible co planeamento.

As obras que se pretenden levar a cabo supoñen unha reforma da edificación sen aumento de volume para desenvolver un uso permitido pola ordenanza de aplicación.

## DOTACIÓN DE SERVIZOS SEGUNDO PROXECTO:

Abastecemento de auga: dispón do servizo mediante rede xeral

Subministro de enerxía eléctrica: dispón do servizo

Saneamento: dispón do servizo mediante rede xeral

Acceso rodado: conta con acceso rodado

## CONDICIONS ESPECÍFICAS PARA O USO COMERCIAL:

Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo

Segundo os datos técnicos aportados no expediente:

XUSTIFÍCASE

RD 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o CTE. DB-SI . SEGURIDADE EN CASO DE INCENDIO

Segundo os datos técnicos aportados no expediente:

XUSTIFÍCASE



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

**Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia**

Segundo os datos técnicos aportados no expediente:

XUSTIFÍCASE

**RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción**

Segundo os datos técnicos aportados no expediente:

XUSTIFÍCASE

## CONDICIÓN PARTICULARES:

1. Non se poderá dar inicio ás obras sen presentar previamente no Concello o proxecto de execución modificado visado e nomeamento de dirección de execución.  
En todo caso, o prazo máximo para a presentación desta documentación no Concello será de tres meses, a computar dende a recepción da notificación da concesión da licenza no seu caso.
2. As obras axustaranse ao proxecto de execución visado número 1507059,1 de data 10.11.2015, modificado pola documentación que o modifica presentada con rexistro de entrada número 7961 en data 17 de novembro de 2015.
3. Darase cumprimento a tódalas normativas técnicas de aplicación para o uso previsto.
4. **A fronte da parcela quedará urbanizada acorde cos criterios para a nova pavimentación nesa rúa, que é a base de acabado de pedra abuxardado.**
5. Unha vez rematadas as obras deberá presentarse comunicación previa para o inicio da actividade segundo o disposto no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, á que se achegará informe de contaminación acústica, se procede, ou declaración de emisións acústicas, conforme ao artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica en Galicia, (DOG núm.145 de 3 de agosto de 2015)."

**SEGUNDO:** Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

**TERCEIRO:** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		TOTAL: ICIO + taxa
			Taxa total	995,50 €	
199.099,92 €	2,7%	5.375,70 €	Taxa pagada	1.029,80 €	6.371,20 €
			Pendente pago	- 34,30 €	

E requirir o pago ao obrigado tributario, sendo necesario que acredite o pagamento para poder retirar a licenza municipal de obras.





**CUARTO:** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**QUINTO:** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria".

## **2.3) TRANSMISIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA. EXPEDIENTE 14/2012.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Vista a instancia presentada por D. Manuel Mariño Blanco o 11/09/2015 (r.e. nº 6418), na que indica que o 28/05/2015 lle vendeu a D. Juan José Piñeiro Abeijón a parcela con referencia catastral 15072A001037400000PA, polo que solicita que se mude a titularidade da licenza de obra outorgada no expediente 14/2012 a favor de D. Juan José Piñeiro Abeijón.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en data 16/02/2012, lle outorgou a D. Manuel Mariño Blanco

Considerando que, de acordo art. 0 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece que *"a transmisión de fincas non modificará a situación do titular das mesmas respecto aos deberes establecidos pola lexislación urbanística ou ao esixibles polos actos de execución derivados da mesma. O novo titular quedará subrogado no lugar e posto do anterior propietario nos seus dereitos e deberes urbanísticos, así como nos compromisos que este houberse contraído coa administración urbanística competente e fosen obxecto de inscrición rexistral, sempre que tales compromisos se refiran a un posible efecto de mutación xurídico real e sen prexuízo da facultade de exercitar contra o transmitente as accións que procedan"*.

Considerando que, de acordo co previsto no art. 13 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, *"as licenzas relativas ás condicións dunha obra, instalación ou servizo serán transmisibles, pero o antigo e novo construtor ou empresario deberán comunicalo por escrito á Corporación, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se deriven para o titular"*.

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Tomar razón da transmisión da licenza de obra, concedida pola Xunta de Goberno Local o 16/02/2012 logo da tramitación do expediente 14/2012, correspondente á parcela con referencia catastral 15072A001037400000PA, e efectuada por D. Manuel Mariño Blanco a favor de D. Juan José Piñeiro Abeijón.

O novo titular da licenza queda subrogado no cumprimento dos deberes e obrigas urbanísticos esixibles ao anterior titular.

**SEGUNDO:** Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable e dar conta ao Departamento de Urbanismo.




### **3. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.**


A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.


E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **09:55 horas**, do día **20 de novembro de 2015**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.


O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,



  
Asdo. José Luis Oujo Pouso.



  
Asdo. José Manuel González García